

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE: 4133/2020**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 171, de 28 de xullo de 2020, publica a convocatoria do proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos departamentos de Grupo Municipal de Emerxencias, xardíns ou obras do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Expte.: 4133/2020.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos departamentos de Grupo Municipal de Emerxencias, xardíns ou obras do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal.

Tendo en conta a resolución de data 10 de agosto de 2020 na que se nomea aos membros do Tribunal, que consta no expediente. O Tribunal de selección, remitirá á Alcaldía proposta cos aspirantes que superaron o proceso ao obxecto de confeccionar unha lista de emprego de carácter temporal para substitucións dos postos de traballo aos que se adscribe a lista de emprego durante un periodo de 2 anos. Dita proposta publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no tablón de anuncios dixital.

Vista a proposta do Tribunal do proceso selectivo en data 10 de setembro de 2020, que consta no expediente.

Vista a reclamación presentada por D. Julio Cesar Rodríguez Piñón, en data de 11 de setembro de 2020, na cal solicita revisar a puntuación da experiencia profesional, méritos e cursos.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Martes día 15 de setembro de 2020, ás 09:00 horas**, aos efectos da reclamación presentada por D. Julio César Rodríguez Piñón relativa a puntuación da experiencia profesional, méritos e cursos.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

